



Guía Docente				
Datos Identificativos			2021/22	
Asignatura (*)	Orientación ocupacional	Código	652G03021	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Profesorado	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A orientación ocupacional (OO) é un dos ámbitos da orientación profesional. A OO forma parte dos campos profesionais da educación social e é unha acción socioeducativa destinada ás persoas con especiais dificultades para acceder ao mercado laboral. A OO é unha acción socio-educativa destinada ás persoas con especiais dificultades para acceder ao mercado laboral. A finalidade da OO é a promoción de factores persoais vinculados a empregabilidade, asumindo as claves dunha orientación para a xustiza social e con visión de xénero.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se modifican</p> <p>2. Metodoloxías Mantéñense todas as metodoloxías docentes.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo electrónico para atender consultas e fixar titorías virtuais. Diariamente.</p> <p>Teams no horario das clases interactivas, no horario de titoría e no horario fixado para as titorías grupais obrigatorias.</p> <p>Moodle, a través de foros vinculados ós retos nos que se organiza a tarefa de simulación. Diariamente.</p> <p>As titorías grupais obrigatorias e compartidas coa materia de Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables realizaranse en Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non se modifica</p> <p>*Observacións de avaliación: A revisión das cualificacións levarase a cabo en Teams.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía A bibliografía básica e unha boa parte da complementaria está accesible na rede e dixitalizada en moodle. Polo tanto, non vai cambiar.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título



Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Caracteriza-lo desenvolvemento institucional da orientación ocupacional e comprender e valorar a súa inclusión nas políticas de emprego, nos plans e accións para a igualdade e para a inclusión social.	A1 A3		
Analiza-lo perfil profesional dos profesionais da orientación ocupacional, identificar as competencias necesarias para o seu desempeño e valorar a importancia e necesidade de formación ó longo da vida.	A1		C7
Identificar o mercado profesional do/a educador/a social no campo da orientación e formación profesional	A1		
Adquirir coñecementos, destrezas e actitudes para a propia inserción profesional			C7
Comprender as implicacións dos cambios producidos no mercado laboral na concepción e praxe da orientación profesional e nos procesos de exclusión laboral.	A5		C4
Adquirir unha actitude reflexiva, crítica e transformadora ante ás problemáticas que atende a orientación ocupacional, analizando e valorando as súas achegas e as súas limitacións na consecución dun emprego e na promoción da xutiza social.	A14		C4
Comprende-la terminoloxía específica e usala axeitadamente		B6	C1
Analiza-las bases teóricas da orientación ocupacional e comprender as implicacións para a súa praxe	A2		
Analizar e deseñar accións para a inserción laboral con enfoque de xénero.	A3 A6 A9 A21	B1 B4	
Buscar, seleccionar e almacenar recursos para a praxe da orientación ocupacional utilizando as tecnoloxías dixitais.			C3
Adquirir actitudes e destrezas de indagación que posibiliten o estudo independente e a formación permanente.			C3 C7
Identificar os factores ou barreiras que obstaculizan a inclusión laboral de persoas en situación de vulnerabilidade ou exclusión social e valorar as súas implicacións para a acción socioeducativa en el ámbito laboral.	A8	B1	C4
Identificar e valora-los posibles usos das tecnoloxías dixitais para as persoas que buscan emprego e para os profesionais da orientación laboral, así como comprender a necesidade de ser profesionais competentes dixitalmente e de promover a competencia dixital nas persoas destinatarias da orientación ocupacional.	A2		C3
Utilizar o galego a nivel escrito e oral coa calidade lingüística requirida.			C1
Coñecer referentes profesionais no ámbito da inserción laboral que teñen o galego como lingua de traballo	A20		C4

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Mercado laboral e formación profesional	1. Mercado laboral 1.1.- Indicadores e fontes para o estudo do Mercado Laboral e da exclusión social 1.2. A situación de desigualdade das mulleres no mercado laboral e mulleres obxecto de discriminación múltiple 1.3. Cambios no emprego e na súa relación coa inclusión social 1.3. O impacto laboral e de xénero da crise de saúde pública provocada pola covid 19 2. Formación profesional 2.1. Subsistemas, ordenación e oferta 2.2. Acreditación de competencias: finalidade e procedemento



Tema 2. A inserción laboral: factores, estratexias e accións.	<p>2.1. Factores que interveñen nos procesos de inserción e exclusión laboral.</p> <p>2.2. A empregabilidade como foco da intervención. Elementos e críticas.</p> <p>2.3. O Itinerario personalizado de inserción (IPI) como estratexia de intervención: características, fases e accións</p> <p>2.4. Integración da visión de xénero no IPI: finalidades, modalidades e accións.</p> <p>2.5. A mentoría social na inclusión laboral</p>
TEMA 3. Orientación ocupacional: delimitación conceptual, bases teóricas e recursos para a praxe.	<p>3.1. Orientación profesional (OP) e Orientación ocupacional (OO): delimitación conceptual e ideas forza. Claves da OP para a xustiza social.</p> <p>3.2. Modelos de intervención: tipoloxía e características.</p> <p>3.3. Áreas de intervención da orientación profesional</p> <p>3.4.OO con visión de xénero: razóns e claves para a praxe 3.5. OO e competencia dixital. A competencia dixital dos/as profesionais da OO e das persoas en situación de exclusión laboral.</p> <p>3.6. Recursos para a praxe da OO</p>
Tema 4. Desenvolvemento institucional e situación actual da orientación profesional.	<p>4.1. Perfil profesional do/a orientador/a laboral</p> <p>4.2. A orientación ocupacional como campo profesional das/os educadoras/es sociais</p> <p>1.1. Principais acontecementos e tendencias no desenvolvemento institucional da OP</p> <p>1.2. A orientación laboral nas políticas de emprego, de igualdade e de inclusión social.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A2 A3 A5 A8 C4	5	22	27
Presentación oral	B1 B6 C1 C3	3	3	6
Seminario	A1 A20	2	1	3
Discusión dirixida	A20 C1 C4	3	2	5
Aprendizaxe colaborativa	A3 A5 A6 A8 A9 A20 A21 B1 B4 C1 C3 C7	10	26	36
Sesión maxistral	A1 A2 A5 A8	15	3	18
Traballos tutelados	A2 A5 A8 A9 A14 A21 B4 C3 C4	4	36	40
Proba mixta	A2 A5 A8 B1 C1	2	11	13
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Análise de fontes documentais	A análise de fontes documentais afonda nas dimensións teóricas e legais dalgunhas das temáticas do programa e no coñecemento de recursos para o deseño do programa de orientación ocupacional. Nesta metodoloxía diferéncianse dous momentos e dúas modalidades de traballo, que se relacionan coas fases da clase invertida: a) Fóra da aula, traballo individual (lectura e/ou visionado dos documentos e/ou recursos audiovisuais). b) Nas aulas interactivas, traballo grupal de posta en común e de aplicación ao deseño do programa de orientación ocupacional.
Presentación oral	Consiste na defensa e presentación do programa orientación ocupacional.
Seminario	Forma parte do "Programa Piloto para a docencia en galego no Grao en Educación social" A súa finalidade é triple: - Visibilizar referentes profesionais que teñen o galego como lingua de traballo. - Caracterizar praxes profesionais vencelladas á inserción laboral de diferentes colectivos. - Obter información profesional (ámbitos, funcións, acceso, perfil competencial, condicións laborais...)
Discusión dirixida	Forma parte do "Programa Piloto para a docencia en galego no Grao en Educación social". Tátase dun auto-diagnóstico individual e grupal sobre a propia situación sociolingüística no que se valoran a competencia, os usos e crenzas lingüísticas. A partir deste autodiagnóstico reflexivo e compartido terán que formular os retos relativos ós usos e mellora da competencia ós que se comprometen no cuadrimestre. A partir dos preconceitos e estereotipos detectados realizarase unha discusión dirixida. As conclusións desta actividade terán que quedar reflectidas por escrito. Ó final do cuadrimestre terán que facer un balance sobre os retos acadados. Esta actividade puntúa na cualificación como actividade optativa.
Aprendizaxe colaborativa	A aprendizaxe colaborativa é, xunto coa ABP e a clase invertida, un dos eixos metodolóxicos da materia que está presente no traballo tutelado e na presentación oral.
Sesión maxistral	Esta metodoloxía utilízase para presentar unha síntese dunha parte dos contidos e da súa aplicación ao traballo tutelado.
Traballos tutelados	Consiste no deseño dun programa de orientación ocupacional para un grupo de persoas en situación de vulnerabilidade ou exclusión social. Esta tarefa é grupal e nela converxen a aprendizaxe colaborativa e a análise documental.
Proba mixta	Constará de preguntas curtas de análise e reflexión sobre os contidos teóricos e de cuestións prácticas relacionadas cos distintos elementos do programa de orientación.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Aprendizaxe colaborativa	A atención personalizada ten como finalidades a supervisión e seguemento do deseño do programa de orientación ocupacional. Hai dúas sesións obrigatorias de tutoría grupal.  A atención personalizada tamén está presente nas aulas interactivas e no horario específico de tutoría, supervisando as tarefas e respondendo ás dúbidas e consultas do alumnado.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
--------------	---------------------------	------------	---------------



Traballos tutelados	A2 A5 A8 A9 A14 A21 B4 C3 C4	Consiste no deseño dun programa de orientación ocupacional no que se diferencian dous apartados. No primeiro, de fundamentación teórica, analízase: a concepción e dimensións da orientación ocupacional xunto coas súas implicacións para o deseño do programa e as barreiras relacionadas coa empregabilidade e co xenero que atrancan a inserción laboral do colectivo. Na segunda parte, preséntanse os distintos elementos do programa (obxectivos, contidos, duración e temporalización, metodoloxía, actividades, recursos e avaliación). Os criterios de avaliación e cualificación preséntanse nunha rúbrica que estará dispoñible en moodel.	60
Proba mixta	A2 A5 A8 B1 C1	As preguntas de resposta breve puntúan o 70% do valor da proba. O 30% restante corresponde a cuestións de tipo práctico relacionadas co deseño do programa de orientación ocupacional.	40

### Observacións avaliación

Requisito para superar a materia Para superar a materia é imprescindible obter a metade da cualificación outorgada en cada unha das dúas tarefas que computan na avaliación (3) no programa de orientación 2 na proba mixta. A non realización dunha das dúas tarefas implica a cualificación de NP.

Convocatoria de xullo (segunda oportunidade) Na segunda oportunidade recuperanse as tarefas non superadas.

#### Evaluación das actividades grupais

As actividades que se realizan en grupo van ser obxecto de autoavaliación e coavaliación. Os resultados desta última trasladanse a cualificación de cada persoa do grupo.

Actividades optativas Coa realización da actividade optativa pode obterse até dous puntos. A actividade xa descrita consiste no auto-diagnóstico reflexivo sobre a súa situación sociolingüística e o balance dos retos acadados en relación coa competencia e cos usos.

#### Modalidad especial de avaliación

As persoas con matrícula a tempo parcial e dispensa académica poden acollerse a unha modalidade específica de avaliación na que é imprescindible o seguimento e supervisión das tarefas propostas. Para estes casos, a proba mixta substitúese por un informe de aprendizaxe e mantéñense o resto das actividades de avaliación.

LINGUAXE INCLUSIVA A linguaxe inclusiva é de uso obrigado.

#### FALTA DE INTEGRIDADE ACADÉMICA Citación de fontes

Os contidos incluídos (texto literal e parafraseo) nos traballos deben estar referenciados ao longo do texto e no apartado de referencias usando as normas APA 7ª edición. Para visibilizar as autoras a inicial do nome será substituído polo nome completo, tanto de autoras como de autores.

#### Plaxio

O plaxio en calquera das actividades da avaliación será motivo de suspenso. Así o establece o artigo 14.4 da normativa académica de avaliación da UDC: " na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade"

Normativa académica de avaliación, revisión e reclamación da UDC:

[https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/\\_galeria\\_down/academica/Normas\\_avaliacion\\_revision\\_reclamacion\\_consolidado\\_1.pdf](https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_1.pdf)<http://www.educacion.udc.es/?pagina=propiedad-intelectual>

### Fontes de información



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Acosta, Estela ( 2015 ). Combatir la ideología neoliberal. Políticas de empleo y formación para la justicia social . Madrid: Fundación 1º de mayo. CCOO.</li> <li>- Echeverría, Benito (coord) (2008). Orientación profesional. Barcelona: Editorial UOC</li> <li>- MCarthy, Jhon. (2018). Laorientación profesional y las habilidades para la gestión de la carrera. Una perspectiva internacional. España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer</li> <li>- MCarthy, Jhon (2018). la dimensión de servicio público de la orientación . España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer</li> <li>- Sánchez García, María Fe (2014). Estrategias para la inserción laboral y el autoempleo. Madrid: UNED</li> <li>- Sánchez García , Mª Fe (2014). Orientación inclusiva, diversidad y factores de riesgo. Madrid: UNED</li> <li>- Sanz, Clara e Manzanares, Asunción (2018). El modelo de orientación profesional en cuestión. Revisión de sus referentes teórico-prácticos. España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer</li> <li>- SENDOTU (2010). Cuaderno de trabajo 3. Diseño de proyectos sociales desde una perspectiva de género. <a href="http://www.sartu.org/wp-content/uploads/Cuaderno_trabajo_Sendotu_n3.pdf">http://www.sartu.org/wp-content/uploads/Cuaderno_trabajo_Sendotu_n3.pdf</a></li> <li>- Sultana, Robert (2018). La movilización de los servicios de orientación profesional en torno a una agenda de justicia social: una prioridad para todos.. España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer</li> <li>- González, A e Mallorca, María José (2008). Unidad de empleo para mujeres. guía metodológica y de trabajo. Sevilla: Instituto Andaluz de la Mujer</li> <li>- Lamparón, Beatriz (2016). Empleabilidad:análisis del concepto. Revista de Investigación en Educación, nº14 (1),pp. 67-84</li> <li>- Aguado Guillermo, Patarroyo Luz Elena, Larrañaga Mertxe, Palacín Iratxe, Quilaqueo Victor, Mujica (2018). Pedagogía de los cuidados. Aportes para su construcción.. Intered</li> </ul> <p>Para cada un dos temas e das tarefas da actividade de simulación facilitamos bibliografía e webgrafía específica, diferenciando a básica da complementaria.</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables/652G03022

Orientación e políticas de emprego/652G03031

#### Materias que continúan o temario

Orientación e políticas de emprego/652G03031

#### Observacións

(\* )A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías